



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000048.- RIBADEO.- Rehabilitación de firme LU-P-5204 "Cedofeita (LU-P-5203) - Arante - Regocorto (LU-132)", p.k. 3+600 a 6+770

2026/CON_02/000049.- FOZ.- Actuacións varias en LU-P-2001, LU-P-2002, LU-P-2006, LU-P-2007, LU-P-2009, LU-P-2011 e LU-P-2013

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 29 de maio de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1414

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2026

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2026, o orzamento municipal para o exercicio 2026, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, exponse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 29 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1415

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as **normas para selección de:**

6 SOCORRISTAS**8 AUXILIARES DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN PRAIAS**

Prazo de presentación de instancias: O prazo de presentación de solicitudes será ata o vindeiro 15 de xuño de 2026, a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria e bases no BOP.

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 29 de maio de 2026, a disposición dos interesados no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefoz.es).

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 29 de maio de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1416

O INCIO*Anuncio*

Polo Pleno da Corporación Local, na sesión extraordinaria celebrada o 29/05/2026, aprobouse a Relación de Postos de Traballo do Concello de O Incio (Lugo) e, de conformidade co disposto nos artigos 38 e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado o documento por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

A Relación de Postos de Traballo considerárase definitivamente aprobada se, durante o citado prazo, non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das mesmas polo Pleno da Corporación Local.

O Incio, 29 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, D. Héctor M. Corujo González.

R. 1417

LOURENZÁ*Anuncio*

Bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: dous peóns de limpeza, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025)

Por Resolución da Alcaldía de data 27/05/2026 apróbase a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: un xardineiro, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025).

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 28 de maio de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1418

SARRIA*Anuncio*

Transcorrido o prazo de exposición ó público do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2026 aprobado inicialmente na sesión ordinaria do Concello Pleno celebrada o 30 de abril de 2026, así como as Bases de Execución, o Anexo de Investimentos e o Anexo de persoal, sen que se presentaran reclamacións, faise público

para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais e 20.3 do Real Decreto 500/1990 que o mesmo queda elevado a definitivo.

O Orzamento Xeral da Corporación está integrado polo da propia Corporación e polo do Organismo Autónomo Residencia de maiores Nosa Señora do Carme Sarria, e o seu resumo por Capítulos é o seguinte:

Orzamento de Gastos

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	14.127.549,41
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES	13.862.513,46
I. GASTOS DE PERSOAL	5.496.140,31
II. GASTOS CORRENTES	7.315.223,98
III. GASTOS FINANCEIROS	43.350,37
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.007.798,80
A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL	629.806,31
VI. INVERSIÓNS REAIS	265.035,95
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	364.770,86
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	9.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	355.770,86
TOTAL	14.492.320,27

Orzamento de Ingresos

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	14.492.320,27
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES	14.492.320,27
I. IMPOSTOS DIRECTOS	4.410.000,00
II. IMPOSTOS INDIRECTOS	450.000,00
III. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.286.174,90
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.343.145,37
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	3.000,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	14.492.320,27

ORZAMENTO RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME SARRIA

Orzamento de Gastos

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.299.489,03
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES	2.299.489,03
I. GASTOS DE PERSOAL	1.743.842,03

II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	553.647,00
III. GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
TOTAL	2.299.489,03
Orzamento de Ingresos	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.299.489,03
A.1) OPERACIÓNS CORRIENTES	2.299.489,03
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.765.823,06
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	533.665,97
TOTAL	2.299.489,03

A plantilla de persoal desta entidade, aprobada xunto co Orzamento Xeral para 2026 é a que segue:

PRAZAS DO CONCELLO

PERSOAL FUNCIONARIO	CATEGORÍA	TOTAL	VACANTES
1.- Con Habilitación de Carácter Nacional			
Secretario	A1	1	0
Interventor	A1	1	0
Tesoureiro	A1	1	0
2.- Escala de Administración Xeral			
Subescala Técnica			
Subescala de Gestión	A2	5	0
Subescala Administrativa	C1	7	0
Subescala Auxiliar	C2	15	5
Subescala Subalterna	E	2	1
3.- Escala de Administración Especial			
3.1.- Subescala Técnica			
A) Técnica Superior	A1	2	0
B) Técnica Media	A2	4	0
	B	1	0
C) Técnica Auxiliar	C1	3	2
3.2.- Subescala de Servizos Especiais			
A) Policía Local e Auxiliares	C1	16	3
B) De Persoal de Oficios	C2	2	0
PERSOAL LABORAL FIXO	TOTAL	VACANTES	
Orientadora Laboral	1	0	
Asistente Social	2	0	
Psicopedagoga Drogodep.	1	0	
Psicóloga Cim	1	0	

Operarios asistencia domiciliaria	2	0
Operario-Supervisor medio rural e cemiterio	1	0
Operario-Supervisor medio ambiente	1	0
Vixilante instalación deportivas	1	0
Operario	20	0
Tractorista Obras	1	0
Palista	1	0
Profesor Escola de Música	1	0
Auxiliar O.I.X.	1	0
Operario-Supervisor instalacións matadero	1	0
Axudante Matarife	5	1
PERSONAL LABORAL INDEFINIDO(*)	TOTAL	VACANTES
Profesores de Música	2	0

(*) Prazas reflexadas nos anexos de persoal funcionario e laboral fixo; refléxanse mentres non se proceda á cobertura definitiva das prazas segundo os procedementos legais establecidos.

PERSONAL LABORAL FIXO-DISCONTINUO	TOTAL	VACANTES
Profesor de Música (61,9% xornada)	1	1
Profesor de Música (50% xornada)	1	1
Profesor de Música (70% xornada)	1	0
Profesor de Música (55% xornada)	1	0
Profesor de Música (80% xornada)	1	0
Profesor de Música (37,5% xornada)	1	0
Profesor de Música (55% xornada)	1	0
Profesor de Música (20% xornada)	1	0
Informador Turístico (4 meses)	1	1
Tractorista (8 meses)	2	2
Operario (8 meses)	6	6
Operario (4 meses)	5	5
Auxiliar de Policía Local (8 meses)	2	2
PERSONAL LABORAL TEMPORAL	TOTAL	VACANTES
Auxiliares de Policía Local (6 meses/ano)	2	2
Operario outras infraestructuras (7meses)	1	1
Operario biblioteca (6 meses/ano)	1	1
PRAZAS DO O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME SARRIA		
DENOMINACIÓN PRAZA	TOTAL	VACANTES
Director/a	1	1

Médico (15H/semana)	1	1
Psicólogo/a (12 H/semana)	1	1
ATS-DUE	4	2
Recepcionista	2	1
Auxiliar Administrativo	1	0
Oficial de Administración	1	1
Camareira-Limpadora	5	0
Auxiliar Xerocultura	19	9
Auxiliar de Clínica	6	1
Cociñeiro/a	3	1
Axudante de Cociña	1	1
Operario de Oficinos Múltiples	1	0
Traballador Social	1	0
Fisioterapeuta	1	0
Animador Socio-Cultural (20 H/semana)	2	1

Sarria, 29 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1419

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Disposicións Normativas

Número de expediente: 5390/2025

Aprobación inicial do Plan municipal fronte incendios forestais do Concello de Vilalba

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026, o Plan de Actuación Municipal (PAM) fronte ao Risco de Incendios Forestais do Concello de Vilalba, elaborado ao abeiro do disposto no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA), e de conformidade coa Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

De conformidade co acordado polo Pleno e en aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas., tramitándose o expediente pola vía de urxencia, sométese o citado Plan a información pública polo prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo, o expediente poderá ser consultado na sede electrónica do Concello de Vilalba (<https://vilalba.sedelectronica.es/>), así como no taboleiro de anuncios da mesma, podendo as persoas interesadas presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O texto íntegro do PAM atópase igualmente dispoñible no Portal de Transparencia da Corporación, na seguinte ruta: Sede Electrónica / Portal de transparencia / Planificación e ordenación urbanística e medio ambiental / Planes y programas medioambientales.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, nin correccións por parte da Comisión Galega de Protección Civil, o Plan considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Vilalba, 29 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1420

Anuncio

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Expediente número: 2157/2026

Publicación relativa á aprobación do texto regulador do prezo público relativo ao servizo de organización espectáculos, alugamento de instalacións e participación noutras actividades e programas culturais

Por acordo ditado polo Pleno do Concello de Vilalba en sesión ordinaria de data do con 28 de maio do 2026 , acordouse o establecemento e fixación do prezo público por prestación do servizo relativo ao servizo de organización espectáculos, alugamento de instalacións e participación noutras actividades e programas culturais, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do prezo público de razón é o seguinte:

ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS, CESIÓN DE INSTALACIÓNS PARA ESTES E PARTICIPACIÓN NOUTRAS ACTIVIDADES E PROGRAMAS CULTURAI

ARTIGO 1.- CONCEPTO.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais que se prevén no presente texto regulador.

Así, serán obxecto destes prezos públicos os espectáculos e actividade organizadas polo Concello, alugueiro e cesión de uso dos espazos, servizos e instalacións Auditorio Municipal e da Casa da Cultura, así como outros servizos ou programas de carácter voluntario.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

Serán obrigados ao pagamento destes prezos públicos aqueles que se beneficien dos servizos, actividades e cesións das instalacións, polas que deben satisfacerse aqueles

ARTIGO 3.- CONTÍA POLA CESIÓN DE USO DE INSTALACIÓNS E SERVIZOS DO AUDITORIO E DA CASA DA CULTURA

As tarifas serán as seguintes:

Espazo	Tarifa	Unidade
Vestíbulo Auditorio	150 €	Día
Salón de actos Auditorio	500 €	Día
Sala de exposicións (Auditorio / Casa da Cultura)	100 €	Semana
Salón de actos Casa da Cultura	150 €	Día

A tarifa do Salón de actos do Auditorio inclúe o material técnico dispoñible no espazo xunto co seguinte persoal: 1 técnico de son, 1 técnico de iluminación, 1 billeteiro/a, 1 controlador/a de accesos e 1 xefe/a de sala. Este persoal cederase conforme a xornada laboral establecida no Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia.

Non se aplicarán as referidas tarifas de uso de espazos e servizos técnicos cando se trate de actividades en colaboración co Concello e sexan de interese municipal. Así, non serán de aplicación nos seguintes supostos :

- Actividades municipais ou con patrocinio directo do Concello.
- Entidades sen ánimo de lucro que xustifiquen que os ingresos se destinan integramente a fins sociais, benéficos ou solidarios.
- Centros educativos para actividades destinadas á recadación de fondos para fins formativos (ex. viaxes de fin de curso), sempre que se xustifique o destino dos mesmos.

En exposicións sen fins lucrativos, o Concello poderá acordar a cesión voluntaria dunha obra de arte por parte do autor para a súa incorporación ao patrimonio municipal como medida de colaboración cultural.

ARTIGO 4.- PREZOS ENTRADA A ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO

1. Nos espectáculos organizados polo Concello de Vilalba no salón de actos do auditorio municipal, o prezo das entradas establecerase en función do caché do espectáculo, de acordo cos seguintes tramos:

Caché do espectáculo	Prezo da entrada
Ata 2.000 €	3 €
De 2.000 € a 5.000 €	5 €
De 5.000 € a 10.000 €	10 €
Máis de 10.000 €	15 €

Aplicarase un **desconto do 20 %** sobre o prezo da entrada nos seguintes casos:

- Persoas maiores de 65 anos
- Mozos e mozas ata 30 anos
- Persoas en situación de desemprego
- Familias numerosas

As persoas beneficiarias da tarifa reducida deberán **acreditar documentalmente esta condición no acceso ao recinto**.

2. Nos espectáculos realizados no vestíbulo **do auditorio**, o prezo da entrada establécese con carácter xeral en **5€**.

3. O Concello de Vilalba poderá establecer a **gratuidade das entradas** cando así o acorde o órgano municipal competente, en atención ao interese cultural, social, educativo ou benéfico da actividade.

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGAMENTO.

Satisfaranse os prezos públicos regulados neste Acordo Regulador no momento de retirar os tickets de entrada aos espectáculos.

No caso dos prezos previstos no artigo 3 pola cesión de uso de instalacións e servizos do Auditorio e da Casa da Cultura, deberán abonarse no prazo máximo de 5 días hábiles dende que se lle comunica a reserva de data por parte do Concello e, en todo caso, con anterioridade ao seu uso.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP

Vilalba, 29 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1421

FUNDACIÓN TERREO*Anuncio*

Aprobada por Resolución de Presidencia núm. 2026/072, de data 29 de maio, exponse ao público a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo dunha praza de Técnico/a de Proxectos:

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/072

En A Ribeira de Piquín, a 29 de maio de 2026.

Asunto: *Relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión con carácter definitivo dunha praza de técnico/a de proxectos, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.*

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, aprobada por esta Fundación por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025, e no DOG núm. 66, de data 04/04/2025, para cubrir unha (1) praza de Técnico/a de Proxectos, como persoal laboral fixo.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Técnico/a de Proxectos, como persoal laboral fixo da Fundación municipal “TerrEo”, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Presidencia núm. 2026/028, do 9

de marzo de 2026 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 65, de data 21 de marzo de 2026.

Vista a publicación da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 82, do 3 de abril de 2026, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 60, do 31 de marzo de 2026.

Vista a Resolución de Presidencia núm. 2026/062, de data 8 de maio de 2026, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, nomeamento dos membros de tribunal de selección e datas das probas selectivas, publicada no BOP núm. 106, de data 12/05/2026, rectificada pola Resolución de Presidencia núm. 66, de data 11/05/2026 e publicada no BOP núm. 108, de data 14/05/2026.

Concluindo o procedemento para a selección de persoal laboral fixo mediante concurso oposición para a provisión en propiedade da seguinte praza nesta Fundación:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Técnico/a de proxectos	Persoal laboral fixo

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 22 de maio de 2026 que reflexa o seguinte resultado do proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	N.I.F	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
Fernández Labrada, Miguel	***7974**	3,41	12,25	15,50	31,16

Atendendo á anterior listaxe e vista a proposta do Órgano de Selección do/a seguinte aspirante como aprobado/a, por obter a máxima puntuación de tódolos aspirantes, xa que o número de aprobados non pode superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo:

Apelidos e nome	DNI
Fernández Labrada, Miguel	***7974**

Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a relación de aprobados do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Técnico/a de Proxectos, como persoal laboral fixo, así como na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín (www.ribeiradepiquin.es), sendo a seguinte:

Apelidos e nome	DNI
Fernández Labrada, Miguel	***7974**

SEGUNDO.- Requirir ao aspirante para que acredite ante esta Fundación, no prazo de vinte (20) días hábiles dende a publicación do presente anuncio, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión ordinaria que se celebre."

A Ribeira de Piquín, 29 de maio de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1422